

CRITERIOS DE EVALUACIÓN ESO CURSO 25-26

Lingua Castelá e Literatura

3º ESO

A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes

- **Ata un 80% da nota:** probas orais e/ou escritas que valorarán o grao de adquisición dos criterios de avaliación da materia establecidos nesta programación (os pertencentes aos bloques de contido correspondentes: A lingua e os seus falantes, Comprensión oral e escrita, Expresión oral e escrita, Educación literaria e Reflexión sobre a Lingua,). O tipo de proba axustarase ao contido a avaliar e o docente informará ao alumnado do peso exacto da proba na cualificación final da avaliación.

Esta porcentaxe inclúe a cualificación de calquera tipo de tarefa, traballo individual, exercicio ou exame que o alumnado deberá realizar para demostrar o grao de coñecemento adquirido no/s criterio/s a avaliar.

Evitaranse as probas ou exames tipo test que non permiten cualificar as destrezas básicas de expresión e comprensión escritas fundamentais nunha materia eminentemente competencial como é a nosa.

- **10%:** proba escrita que demostre a lectura e comprensión, segundo o criterio do/a docente correspondente, dunha obra de literatura xuvenil (1º, 2º e 3º) ou literaria (4º da ESO) elixida polos membros do departamento (ou polos alumnos se o docente decide proporcionar una listaxe aberta) e pertencente, preferentemente, a distintos xéneros literarios.

Para ser computable a cualificación obtida neste apartado o alumno deberá demostrar a lectura, como mínimo, da metade do libro; en caso contrario, non computará para a media da avaliación. A partir de aí, a cualificación variará e segundo a profundidade da lectura demostrada.

- **Ata un 10%:** proxecto ou traballo individual ou en grupo destinado a ser exposto **oralmente**. Avaliarase a parte escrita e a oral e deberá axustarse ás indicacións dadas polo docente. No caso de que, por razóns xustificadas, o proxecto non poida ser realizado, a porcentaxe será engadida ao 80% explicado máis arriba.

As faltas de ortografía penalizaranse en todo tipo de probas ou tarefas da seguinte maneira:

- ☛ **-0,2** en faltas cometidas no uso de **tecnicismos propios de la materia, non subliñado de títulos** de obras literarias o uso de **minúsculas** nos nomes de movementos literarios e etapas históricas (*Renacemento*) e **títulos** de obras literarias, minúsculas tras punto e nome propios.
 - ☛ **-0,1** (faltas en uso incorrecto de grafías): en 1º, 2º e 3º da **ESO**, ata un máximo **dun punto**.
 - ☛ En 4º e **bacharelato**, ata un máximo de **2 puntos**.
- ☛ Na ESO, en canto os acentos, descontaranse da mesma maneira establecida no punto anterior, cunha excepción: **NO SE CONTABILIZARÁN OS ERROS nos CINCO PRIMEIROS TILES** (sempre e cando non se refiran a tecnicismos propios da materia).

A cualificación final da materia distribuirase por avaliación da seguinte maneira:

En 3º e 4º, a cualificación será a media aritmética das tres avaliacións (33,3%).

Considerarase superada a materia se a media alcanzada e igual ou superior ao 5.

Outras consideracións importantes a ter en conta, tanto na AVALIACIÓN ORDINARIA como na EXTRAORDINARIA (pendentes):

- Debido a que o Xade non permite a notación con decimais, a partir do 5 (establecido na LOMLOE como a nota mínima para estar aprobado), o redondeo cara a puntuación seguinte realizarase a partir do 0,75 (por exemplo, 5,75 =6).
- **A non presentación** a un exame ou proba de calquera tipo deberá ser xustificada documentalmente. Se a xustificación é válida (segundo a LOMLOE e) o exame repetirase ao día seguinte á incorporación do alumno/a ao centro, ou cando así o dispoña o profesor da materia.
- **Copiar** nunha proba (utilizando “chuletas” ou dispositivos electrónicos de calquera tipo) supón a cualificación dun 0 na proba ou exame; a repetición de dita proba realizarase na recuperación da avaliación correspondente.
- **Non se realizará ningún exame final extraordinario** xa que a lei non o contempla.

En caso de non superar algunha avaliación, o alumnado disporá dun **exame de recuperación** (que se realizarán despois de cada avaliación ou en xuño) que versará sobre a teoría e a aplicación práctica dos contidos da materia correspondentes con todos os **bloques de contido** que a lei establece. (80% de la nota). Ademais, e dada a continuidade da materia, deberá demostrar, ao longo do curso, **interese por mellorar** no 20% restante: lectura consciente e comprensiva dos libros establecidos para cada trimestre, realización de exposicións ben preparadas, entrega de textos e exercicios... Todo axustado, sempre, ás instrucións proporcionadas polo docente.

AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE NA ESO

Os titores do alumnado de 2º, 3º e 4º coa materia pendente de 1º, 2º e 3º entregarán a cada discente, ao comezo do curso, un PLAN DE REFORZO da mesma. Nel constarán tanto os contidos a recuperar (repartidos en tres trimestres) como as estratexias que deberá desenvolver o alumno para superala en cada avaliación.

As materias pendentes recuperaranse mediante a realización dun exame por trimestre que versará sobre os mínimos da materia correspondentes. Non haberá un exame final en xuño xa que a lei non contempla a avaliación extraordinaria en ningún curso da ESO.

Cada docente de cada grupo **colgará na aula virtual** exercicios relacionados cos contidos de cada avaliación. Dependendo do tipo de exercicio (fichas de traballo, exercicios do libro de texto, análise de textos, ...) o docente facilitará (a través do mesmo medio) as solucións para que o alumnado poida autocorrixirse. Ademais, establecerá titorías periódicas, tamén segundo demanda e necesidades do alumnado, para solucionar dúbidas que poidan xurdir na resolución das tarefas establecidas.

A realización destes exercicios é voluntaria pero moi importante, xa que o contido das mesmas será logo a base das probas das que se vai examinar o alumno e permitirá a detección de lagoas na súa formación e a resolución de dúbidas concretas.

De todas maneiras, e agás os contidos de Historia da Literatura de 3º, por tratarse a nosa dunha materia continua cuxos contidos requiren sempre (Gramática, Tipoloxía textual, ...) o repaso e comprensión de contidos de cursos anteriores, é imprescindible que o alumno traballe no curso actual e sexa constante na realización das actividades que se propoñan, especialmente nas correspondentes aos bloques I, II, III e V).

A materia pendente considerarase superada se a media aritmética dos exames das tres avaliacións e de 5 ou superior (redondeando sempre desde o 0,75).

Ademais:

- Todo o alumnado da ESO levará no boletín de notas de cada trimestre a cualificación correspondente á materia pendente.
- As datas das probas de avaliación de pendentes serán, provisionalmente, as seguintes: (Se houbera cambios se lles avisaría coa suficiente antelación):
 - 20 de novembro ás 16.30
 - 10 de febreiro de 2026 ás 16.30
 - 29 de abril de 2026 ás 16.30
- En caso de ter a materia pendente de dous ou máis cursos, as probas realizaranse no mesmo día, aínda que, naturalmente, a distinta hora (as 18.00) O alumnado de 3º e 4º que teña a materia pendente de 1º de ESO deberá realizar un EXAME por trimestre o día correspondente, a distinta hora.